

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

7124 *Orde ESS/1250/2015, do 25 de xuño, pola que se regula a disposición transitoria, por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, dos fondos depositados na conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social.*

O artigo 75 bis.1.a) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na redacción dada a este polo artigo único da Lei 35/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral da seguridade social en relación co réxime xurídico das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, establece que o excedente que resulte despois de dotar a reserva de estabilización de continxencias profesionais ingresarase nun 80 por cento na conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social, aberta no Banco de España a nome da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e á disposición do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Este ingreso efectuarase con anterioridade ao 31 de xullo de cada exercicio na citada conta especial.

O referido Fondo sucedeu sen solución de continuidade o anterior Fondo de Prevención e Rehabilitación, cuxa extinción estableceu a disposición transitoria cuarta da citada Lei 35/2014, do 26 de decembro, tras a integración no Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social da totalidade do metálico, saldo, valores e demais bens mobles e inmoebles existentes nel ou resultantes dos investimentos procedentes dos seus fondos.

Conforme o artigo 75 bis.1.a) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o novo Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social estará integrado polo metálico depositado na conta especial, polos valores mobiliarios e demais bens mobles e inmoebles en que aqueles fondos se invistan e, en xeral, polos recursos, rendementos e incrementos que teñan a súa orixe no excedente dos recursos da Seguridade Social xerado polas mutuas. Os rendementos e gastos que produzan os activos financeiros e os da conta especial imputaranse a esta, salvo que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social dispoña outra cosa.

Así mesmo, o Fondo estará suxeito á dirección do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e adscrito aos fins da Seguridade Social. O dito departamento poderá aplicar os seus recursos á creación ou renovación de centros asistenciais e de rehabilitación adscritos ás mutuas, a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación de técnicas e tratamentos terapéuticos e rehabilitadores de patoloxías derivadas de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais que se desenvolverán nos centros asistenciais adscritos ás mutuas, así como a incentivar nas empresas a adopción de medidas e procesos que contribúan eficazmente á redución das continxencias profesionais da Seguridade Social, mediante un sistema que se regulará regulamentariamente e, se for o caso, a dispensar servizos relacionados coa prevención e o control das continxencias profesionais.

Nese mesmo artigo 75 bis.1.a) prevese que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá materializar os fondos depositados na conta especial en activos financeiros emitidos por persoas xurídicas públicas, así como allealos nas cantidades, prazos e demais condicións que determine o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Finalmente, o repetido artigo tamén permite a disposición das cantidades depositadas na conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social, por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con carácter transitorio, para atender os fins propios do sistema da Seguridade Social, así como as necesidades ou desfases de tesouraría, na forma e condicións que estableza o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, até a súa aplicación polo mesmo ministerio aos fins sinalados.

Tal previsión legal coincide coa xa fixada respecto ao Fondo de Prevención e Rehabilitación no anterior artigo 73.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, en virtude do cal a Tesouraría Xeral da Seguridade Social puido dispor dos seus recursos nos termos previstos na Orde ESS/1445/2012, do 2 de xullo, pola que se determinaron as condicións para esa disposición de fondos.

Como consecuencia da nova regulación legal exposta, esta orde dítase co obxecto de fixar as condicións e o procedemento para a disposición por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos recursos depositados na conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social, con carácter transitorio, en exercicio das atribucións conferidas para o efecto polo artigo 75 bis.1.a) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. Obxecto da disposición transitoria dos fondos depositados na conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá dispor, con carácter transitorio, das cantidades depositadas na conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social, aberta no Banco de España a nome dese organismo, co obxecto de atender tanto os fins propios do sistema da Seguridade Social establecidos no artigo 2.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e en concreto o pagamento das prestacións económicas a que se refire o seu artigo 86.2, como as necesidades ou desfases de tesouraría que se poidan producir en cada exercicio.

Artigo 2. Procedemento de disposición dos fondos.

1. A necesidade para dispor dos recursos da conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social para os fins a que se refire o artigo anterior determinarase en función das previsións de liquidación dos orzamentos das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, calculadas pola Intervención Xeral da Seguridade Social de conformidade co artigo 125.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como do orzamento monetario cuxa elaboración corresponde á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ao abeiro do artigo 1.f) do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto, e no cal se inclúen, coa debida especificación, as previsións necesarias para atender o cumprimento das obrigacións do sistema.

2. Constatada a necesidade de disposición de fondos, nos termos indicados no número anterior, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social solicitará á Secretaría de Estado da Seguridade Social autorización para proceder a esta, mediante a remisión dun informe económico-financieiro en que se acredite tal necesidade.

Acreditada a necesidade de fondos, o titular da Secretaría de Estado da Seguridade Social emitirá resolución motivada en que autorice a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para que proceda á disposición transitoria do saldo depositado na conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social tramitará o correspondente expediente administrativo de mobilizacións de saldos entre as contas tituladas ao seu nome nas entidades financeiras.

Artigo 3. Reintegro á conta especial do Fondo de Continxencias Profesionais da Seguridade Social das cantidades dispostas.

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con carácter anual e mediante a emisión dun informe económico-financieiro, valorará se as posibilidades económicas e a situación financeira do Sistema da Seguridade Social permiten a devolución das cantidades dispostas ao abeiro desta orde, en función das previsións de liquidación dos orzamentos

das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, calculadas pola Intervención Xeral da Seguridade Social, e do orzamento monetario elaborado anualmente polo citado servizo común da Seguridade Social.

2. O referido informe será remitido ao titular da Secretaría de Estado da Seguridade Social e, de concorrer as circunstancias que permitan a devolución de fondos, o dito titular da Secretaría de Estado da Seguridade Social emitirá resolución motivada en que acorde a devolución total ou parcial das cantidades dispostas. De non concorreren tales circunstancias emitirá, así mesmo, resolución motivada ao respecto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación.*

Facúltase o titular da Secretaría de Estado da Seguridade Social para ditar cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de xuño de 2015.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.